

PROXECTO DE BIBLIOTECA ESCOLAR

“BIBLIOTECA ASOREY”

DO IES FRANCISCO ASOREY



Bi

IES FRANCISCO ASOREY DE CAMBADOS

CURSO 2011/2012

1. Título do proxecto

“BIBLIOTECA ASOREY”

2. Xustificación

Nos tres últimos cursos académicos a Biblioteca Asorey (BE) converteuse nun espazo renovado, cunha personalidade definida; nun axente dinamizador de actividade cultural e de fomento da lectura; e nun servizo eficaz de préstamo de libros e doutros fondos documentais.

As tarefas que cómpre desenvolver nos tempos vindeiros teñen que encamiñarse a converter de xeito definitivo a biblioteca nunha guía dos xoves lectores e no centro dinamizador da vida cultural do centro. Asimesmo, cada vez máis, a BE se está a converter nun espazo de traballo que permite adicarse a educación documental como parte da formación académica dos alumnos, pois son varios os profesores que imparten as súas sesións nela. Por último, feita xa a formación de usuarios, a BE terá que afrontar a súa modernización a través do uso de Internet como vehículo difusor dos libros e as fontes de información.

Un elemento no que haberá que buscar unha maior eficacia será a coordinación entre os departamentos e a BE na provisión dos fondos, nas necesidades de renovación, no uso dos fondos, nas actividades de dinamización lectora e formación documental e na difusión dos fondos.

3. Análise da situación de partida da biblioteca e o seu contexto.

A xestión e o funcionamento da BE están plenamente organizados e consolidados. A xestión informatizada está establecida no ámbito do rexistro dos fondos e no de préstamo. A formación de usuarios só necesita a actualización cada ano cos novos alumnos de 1º de ESO. A dotación dun logotipo e un carné de BE, está permitindo unha visión estable da BE como un organismo autónomo, eficaz e identificable.

No referente ó espazo que ocupa a BE, os problemas de insonorización, frío e limitación espacial persisten, aínda que xa existe un proxecto de trasladar a BE a un lugar máis axeitado. Con respecto ó mobiliario, ordenadores e distribución, as melloras son tan notables que permitiron un uso moito máis eficiente do espazo e dos fondos.

Queda pendente dun proxecto específico a formación documental, que debe ser apoiada e coordinada cos departamentos e que servirá para desenvolver o uso da BE como lugar para a procura de información e non só como un espazo de estudio e préstamo.

Coas labours de xestión administrativa e mellora do espazo resoltas, o futuro da BE pasa por continuar co fomento da lectura con actividades motivadoras e a creación e mantemento dun blog da BE que sirva para mostrar os fondos e as actividades feitas desde aquí.

4. Análise das necesidades de renovación e actualización de fondos documentais.

O espazo físico da nosa BE está pendente de dúas actuacións:

- Melloras no mobiliario:
 - Incorporación de catro novos sillóns para ampliar a oito o número dos postos de lectura.
 - Sillas altas axeitadas para a mesa de ordenadores.
- Melloras no espazo:
 - Proxecto de traslado a un espazo novo, de maior tamaño e mellor insonorización e climatización.

Os fondos deben continuar co seu proceso de actualización, mellora nos seguintes eidos que abranguen os intereses do alumnado:

- Literatura xuvenil.
- Álbums de banda deseñada axeitados a diferentes idades.
- Novidades literarias en varios xéneros.
- Libros de divulgación científica adaptados ós rapaces.
- Libros de música: grupos, solistas, letras de cancións, historias da música popular, xéneros musicais, etc.
- Libros de temas de actualidade.
- Fondos audiovisuais: CD, DVD.

5. Obxectivos

Os obxectivos deste curso vindeiro deben centrarse na dinamización do papel da BE no fomento da lectura e na modernización da difusión das actividades emprendidas na BE:

- a) Manter e, na medida do posible, mellorar o funcionamento e a xestión do préstamo e a catalogación dos fondo da BE.
- b) Impulsar o papel da Be como guía no coñecemento dos libros, as novidades editoriais, as motivacións lectoras e todos os aspectos relacionados co fomento da lectura.
- c) Mellorar o papel da BE como dinamizador da vida cultural do centro coa organización de actividades específicas.
- d) Mellorar a coordinación cos departamentos didácticos.
- e) Emprender actividades de educación documental entre o alumnado.
- f) Crear un blog da BE que sirva para informar e formar ós usuarios.

6. Tipo de organización e funcionamento

A futura organización da biblioteca contará coa seguintes membros:

- 1) Un coordinador: un profesor que coordinará as actividades de todos os membros e as diferentes actividades de dinamización da BE.
- 2) Un equipo de xestión técnica e organización: constará de catro profesores:
 - a. Contamos cunha profesora formada nun curso de MEIGA que será a que se encargue do proceso de rexistro, catalogación e préstamo. O seu principal obxectivo será tentar de completar a CDU dos fondos. Esta mesma persoa encargarse da elaboración e mantemento da páxina web da biblioteca.
 - b. Tres profesores máis con formación específica no uso do MEIGA colaborarán no proceso de rexistro, catalogación e préstamo.
- 3) Seis profesores máis atenderán as gardas de biblioteca que se estimen necesarios para acadar os obxectivos. Estes profesores, ademáis dos citados anteriormente, cubrirán unha franxa horaria ininterrompida dende as 8:45 ata as 14:25 e axudarán no desenvolvemento do proxecto. Procurarase que se trate de persoas implicadas, que crean na biblioteca e que estén dispostas a colaborar.
- 4) Un grupo de entre 5 e 10 alumnos que colaborarán na realización dos proxectos de dinamización.
- 5) Cada grupo de alumnos do centro poderá colaborar a través do seu titor coa realización dunha tarefa semanal de dinamización. Traballarase no deseño dun mecanismo que permita alternar un turno de colaboración de tódolos grupos.

7.Actuacións por trimestres

A)Xestión técnica e organización

Ó LONGO DE TODO O CURSO

- Continuación coa catalogación adaptada á CDU dos novos fondos e dos antigos.
- Adquisición de novos fondos nas seccións xa indicadas (vid. Supra apdo. 4) en colaboración cos departamentos, en diferentes soportes.
- Adquisición de dous equipos informáticos de maior capacidade para atender ás necesidades do traballo dos membros do equipo da BE: catalogación, préstamo, elaboración e mantemento da páxina web, proxectos, actividades, investigación, documentación, etc.
- Melloras no mobiliario:
 - Incorporación de catro novos sillóns para ampliar a oito o número dos postos de lectura.
 - Sillas altas axeitadas para a mesa de ordenadores.
- Elaboración e mantemento da páxina web da biblioteca.

PRIMEIRO TRIMESTRE

- Incorporación dos alumnos novos de 1º de ESO ó carné da BE, así como ós alumnos procedentes doutros centros e ós alumnos dos ciclos formativos de Electrónica e Administrativo que aínda non foron incorporados como usuarios da BE.

SEGUNDO E TERCER TRIMESTRES

- Melloras paulatinas no aspecto da BE: iluminación, alfombras, obxectos, fotografías, láminas, etc.
- Proxecto de traslado a un espazo novo, de maior tamaño e mellor insonorización e climatización.

B)Dinamización

B.1. Formación de usuarios

PRIMEIRO TRIMESTRE

- Actividades de formación de usuarios cos alumnos novos de 1º de ESO, os alumnos procedentes doutros centros e os alumnos dos ciclos formativos de Electrónica e Administrativo que aínda non foron totalmente incorporados como usuarios da BE. As actividades aparecen detalladas na memoria do curso pasado.
- Visitas guiadas por grupos para informar ós alumnos sobre as novidades no uso e os fondos da BE.

SEGUNDO E TERCER TRIMESTRES

- “O bingo da biblioteca”. Trátase dunha actividade no que o alumnado deberá completar “liña” e “bingo” relacionando CDUs coas portadas dos libros e á inversa. Se plantexará para todos os niveis educativos do centro, en colaboración cos profesores tutores. O obxectivo é manter o coñecemento dos alumnos máis novos coa organización da BE.

B.2. Educación para o acceso á información (educación documental)

Ó LONGO DE TODO O CURSO

- Establecemento de actividades de Educación documental con alumnos de 1º de ESO e 3º de ESO.

PRIMEIRO TRIMESTRE

- Colaboración cos profesores que impartan o Proxecto Didáctico Interdisciplinar (PDI) para coordinar coas súas programacións as actividades de Educación documental.
- 3ª edición da Olimpiada Cultural.

SEGUNDO TRIMESTRE

- Organizar un calendario de actividades de Educación documental con alumnos de 1º de ESO e 3º de ESO.

TERCEIRO TRIMESTRE

- Presentación, exposición e explicación ao resto do instituto dos traballos realizados nas actividades de Educación documental.
- Analizar resultados coa finalidade de facer as melloras oportunas no curso seguinte.

B.3. Proxecto lector de centro. Fomento da lectura

Ó LONGO DE TODO O CURSO

- Exposición das novidades a medida que se incorporen ós fondos da BE.
- Elaboración de guías de lectura de diversas materias da CDU.
- Coordinación cos departamentos didácticos para axeitar as guías de lectura ás liñas de actuación de cada departamento no eido do fomento da lectura.
- Reforma do “Tempo de lectura diario” de acordo coas suxestións dos alumnos e do claustro co obxectivo de facelo máis eficaz e motivador para o alumnado.
- Publicación de cadernos ou antoloxías de textos literarios, periodísticos, científicos, etc. que podan servir de material de apoio en aula para o funcionamento do “Tempo de lectura diario”.

PRIMEIRO TRIMESTRE

- Formación dun equipo de alumnos que traballen con suxestións de adquisición de fondos, organización de actividades, publicidade de novidades, elaboración de antoloxías, etc.
- Elaboración dunha guía de lectura cara ás vacacións de Nadal.
- Lectura e interpretación de contos na BE a cargo de profesionais contratados, familiares dos alumnos ou de alumnos dos cursos superiores.

SEGUNDO E TERCEIRO TRIMESTRE

- Exposición sobre historias vivas sacadas de biografías de personaxes célebres que mostren as súas actitudes, recordos, vivencias entorno a diversos ámbitos: a educación, a lectura, as afeccións, a familia, etc.
- Implantación da iniciativa de “A mochila errante” que consistirá na selección dunha serie de materiais da BE (libros, películas, prensa, etc.) que alumnos voluntarios poden levar ás súas casas durante a fin de semana. Con esta iniciativa trátase de achegar os contidos da BE e dar idea das súas posibilidades ó alumnado e ás súas familias.

TERCEIRO TRIMESTRE

- Actividades de motivación lectora como as visitas de escritores ou editores para charlas na BE ou firma de exemplares co fin de achegar a experiencia dos profesionais da Literatura ós alumnos.
- Elaboración dunha guía de lectura para o verán.

B.4. Apoio ao estudo ou outras actividades desde a biblioteca para a compensación das desigualdades sociais

- En colaboración cos departamentos, adquisición de alomenos un exemplar dos libros que se lles pida ler aos alumnos.
- Fomento do uso da BE para toda a comunidade escolar.

B.5. Outros

- DIA DAS BIBLIOTECAS:
 - En colaboración co departamento de Plástica, comenzaremos o curso cun concurso para elaborar un marcapáxinas da BE.
- HALLOWEEN: en colaboración co departamento de Inglés.
 - Ambientación da biblioteca e lectura en alto e a escuras de textos breves de terror.

- Proposta de novelas de terror.
- Exposición de materiais variados da BE sobre os xéneros literarios do medo, o terror, o gótico, etc.
- TABOLEIRO DA BIBLIOTECA: para esta tarefa hase procurar a axuda dos titores para que cada grupo prepare esta actividade unha semana ó curso.
 - A frase do día.
 - A imaxe do día
 - A noticia do día.
- ZONA DE ALUMNOS:
 - Onde poderán facer recomendacións ou crítica sobre os contados, actividades,... da biblioteca.
- SAN VALENTÍN:
 - Concurso de textos de amor.
- ANTROIDO:
 - Proposta dun tema común para os disfraces.
 - Concurso de coplas: Cada grupo deberá elaborar unha copla. Haberá premios para os mellores disfraces e para as mellores coplas.
- DÍA DO LIBRO: organizaranse diferentes actividades:
 - 4ª edición do CERTAME de microrrelatos no “Día do libro”. Alumnos de ESO e 1º de Bacharelato acudirán á BE para escribir, un microrrelato. Posteriormente sairá do prelo o 4º volume de *Historias menguantes*.
 - Exposición de libros, comics, prensa, cedés, deuvédés, discos de vinilo, etc.
- DIA DAS LETRAS GALEGAS:

- Implicación da biblioteca nos actos que xa se veñen organizando tódolos anos, especialmente no “Recital das letras”.

8. Horario previsto

Unha franxa horaria ininterrompida dende as 8.45 ata as 14:25.

9. Criterios e procedementos de avaliación

- Para cada un dos equipos de traballo da biblioteca se plantexarán obxetivos por trimestres, de acordo có exposto no punto 7 deste proxecto. Ó finalizar o trimestre compararánse os traballos realizados cós previstos e se explicarán os motivos das desviacións.
- Cada unha das actividades que se oferten aos alumnos será avaliada por eles a través dun breve e sinxelo cuestionario de avaliación.
- Tamén se deixarán cuestionarios de avaliación (diferentes ós que se entreguen ós alumnos) na sala de profesores, para que os que voluntariamente queiran, e anónimamente, os poidan cubrir.
- O taboleiro da biblioteca tamén servirá para que a comunidade escolar poida presentar suxestións, críticas,...

Plan lector anual

Curso 2010/2011



IES FRANCISCO ASOREY DE CAMBADOS

FERNANDO TOMÉ RODRÍGUEZ
Coordinador

O Proxecto lector do centro é unha aposta decidida e consensuada polo libro e a lectura como elemento esencial na educación integral dos alumnos.

O Plan Lector do curso 2010/2011 abrangue dúas liñas básicas de actuación:

1. A Biblioteca Escolar Asorey. Nos tres últimos cursos académicos a Biblioteca Asorey (BE) converteuse nun espazo renovado, cunha personalidade definida, nun axente dinamizador de actividade cultural e de fomento da lectura e nun servizo eficaz de préstamo de libros e doutros fondos documentais.
2. Tempo de lectura. Co fin de reformar o funcionamento do “Tempo de lectura diario” que estivo en marcha durante dous cursos, estableceuse un novo sistema no que os departamentos organizan de xeito propio as actividades adicadas á lectura e ó fomento do hábito lector. No anexo do seguinte plan se especifican por departamentos as actuacións propostas.

De acordo con estas liñas se desenvolverá o traballo na mellora do hábito lector e a formación dos lectores no IES FRANCISCO ASOREY.

As tarefas que cómpre desenvolver nos tempos vindeiros teñen que encamiñarse a manter o papel da Biblioteca Escolar (BE) como guía dos xoves lectores e como centro dinamizador da vida cultural do centro. As melloras levadas a cabo no mobiliario e os equipos informáticos, así como a actualización dos fondos documentais, (este ano con especial incidencia pola consecución do PLAMBE para a Biblioteca Escolar Asorey), facilitan o uso da BE como espazo de traballo para incluír a educación documental na formación académica dos alumnos.

Un elemento no que haberá que buscar unha maior eficacia será a coordinación entre os departamentos e a BE na provisión dos fondos, nas necesidades de renovación, no uso dos fondos, nas actividades de dinamización lectora e formación documental e na difusión dos fondos.

Con estes obxectivos e liñas de actuación, búscase asentar os logros dos cursos anteriores, profundizar no hábito lector, mellorar os procedementos de suxestións lectoras e incluír a formación documental dos alumnos no proxecto lector.

OBXECTIVOS XERAIS

No curso 2010–2011 o Proxecto Lector do centro debe asentar as actuacións postas en marcha no curso anterior e amplialas.

As accións que se porán en marcha, artellaranse sobre dous obxectivos xerais:

- Continuar na tarefa do fomento da lectura entre o alumnado e na mellora da súa comprensión lectora.
- Profundizar no papel activo da Biblioteca Escolar, que xa conta cunha identidade e protagonismo na vida do centro, como elemento dinamizador nas actividades extraescolares e complementarias e no fomento do hábito lector.
- Reiterar o uso da Biblioteca Escolar como lugar de traballo na formación documental dos alumnos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Mellorar a coordinación cos departamentos didácticos no eido do fomento da lectura e nas estratexias de comprensión lectora.
2. Ampliar a documentación sobre suxestións lectoras que faciliten ós alumnos o coñecemento e selección de libros.
3. Profundizar no papel das novas tecnoloxías na difusión dos fondos da Biblioteca Escolar.
4. Traballar na mellora da educación documental dos alumnos.
5. Fomentar o uso da Biblioteca Escolar como espacio de traballo investigador e formativo.
6. Mellorar a xestión do préstamo, servizos e fondos da Biblioteca Escolar.

ACCIÓNS

Para acadar estes obxectivos realizaranse varias accións:

1. Elaboración de estratexias para utilizar en cada departamento didáctico no eido do fomento da lectura.
2. Creación de listas de novidades da Biblioteca Escolar.
3. Incorporación de suxestións de alumnos no blogue da Biblioteca Escolar así como nas adquisicións de fondos.
4. Incorporación de novos equipos informáticos na Biblioteca Escolar para facilitar o traballo documental e a consulta dos fondos.
5. Organización de actividades orientadas á lectura e ó mundo dos libros.
6. Propostas de axilización no préstamo dos fondos da Biblioteca Escolar.
7. Fomento da autonomía dos alumnos na selección das súas lecturas e no uso da Biblioteca Escolar.

ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PROXECTO LECTOR E DA BIBLIOTECA ESCOLAR

A organización da Biblioteca Escolar contará coa seguintes membros:

1. Un coordinador (Fernando Tomé Rodríguez do departamento de Lingua Castelá e Literatura): un profesor que coordinará as actividades de todos os membros e as diferentes actividades de dinamización da BE e do Proxecto lector. A persoa
2. Un equipo de xestión técnica e organización: constará de tres profesores:
 - Contamos cunha profesora (Atala Paredes Cereijo do departamento de Economía) formada nun curso de MEIGA que será a que se encargue do proceso de rexistro, catalogación e préstamo. O seu principal obxectivo será tentar de completar a CDU dos fondos. Esta mesma persoa encargárase da elaboración e mantemento do blogue da Biblioteca Escolar.
 - Tres profesores máis (Ana Blanco Castiñeira, Gloria Escudero Álvarez e Alberto Nogueira Varela) con formación específica no uso do MEIGA colaborarán no proceso de rexistro, catalogación e préstamo.
3. Tres profesores máis atenderán as gardas de biblioteca que se estimen necesarias para acadar os obxectivos. Estes profesores, ademais dos citados anteriormente, cubrirán unha franxa horaria ininterrompida dende as 8:45 ata as 14:25 e axudarán no desenvolvemento do proxecto. Procurárase que se trate de persoas implicadas, que crean na biblioteca e que estén dispostas a colaborar.
4. Cada grupo de alumnos do centro poderá colaborar a través do seu titor coa realización dunha tarefa semanal de dinamización. Traballarase no deseño dun mecanismo que permita alternar un turno de colaboración de tódolos grupos.

TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

A) XESTIÓN TÉCNICA E ORGANIZACIÓN DA BE

Ó LONGO DE TODO O CURSO

- Continuación coa catalogación adaptada á CDU dos novos fondos e dos antigos.
- Adquisición de novos fondos nas seccións de Literatura Xuvenil en galego e castelán, en Banda Deseñada, en libros divulgativos (arte, ciencia, etc.) en colaboración cos departamentos, en diferentes soportes.
- Adquisición de un equipo informático de maior capacidade para atender ás necesidades do traballo dos membros do equipo da BE: catalogación, préstamo, elaboración e mantemento do blogue, proxectos, actividades, investigación, documentación, etc.
- Melloras no mobiliario:
 - Incorporación de catro novos sillóns para ampliar a oito o número dos postos de lectura.
 - Incorporación de doce taburetes para a mesa de ordenadores de alumnos.
 - Incorporación de tres sillas con rodas na mesa de control da Biblioteca Escolar.
 - Substitución das estanterías pechadas actuais por unhas estanterías abertas de maior altura e capacidade.
- Elaboración e mantemento do blogue da biblioteca.

PRIMEIRO TRIMESTRE

- Incorporación dos alumnos novos de 1º de ESO ó carné da BE, así como ós alumnos procedentes doutros centros e ós alumnos dos ciclos formativos de Electrónica e Administrativo que aínda non foron incorporados como usuarios da BE.

SEGUNDO E TERCER TRIMESTRES

- Melloras paulatinas no aspecto da BE: iluminación, alfombras, obxectos, fotografías, láminas, etc.
- Incorporación dun expositor axeitado para as mostras de novidades ou as exposicións dos fondos.
- Proxecto de traslado a un espazo novo, de maior tamaño e mellor insonorización e climatización.

B) DINAMIZACIÓN DA BE

B.1. FORMACIÓN DE USUARIOS

PRIMEIRO TRIMESTRE

- Actividades de formación de usuarios cos alumnos novos de 1º de ESO, os alumnos procedentes doutros centros e os alumnos dos ciclos formativos de

Electrónica e Administrativo que aínda non foron totalmente incorporados como usuarios da BE.

- Visitas guiadas por grupos para informar ós alumnos sobre as novidades no uso e os fondos da BE.

SEGUNDO E TERCER TRIMESTRES

- “Xogos de búsqueda dos fondos” Trátase dunha actividade na que o alumnado deberá buscar un libro ou película mediante pistas dispersas noutros libros da BE. Se plantexará para todos os niveis educativos do centro, en colaboración cos profesores titores. O obxectivo é manter o coñecemento dos alumnos máis novos coa organización da BE.

B.2. EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN (EDUCACIÓN DOCUMENTAL)

Ó LONGO DE TODO O CURSO

- Establecemento de actividades de Educación documental con alumnos de 1º de ESO e 3º de ESO.

PRIMEIRO TRIMESTRE

- Colaboración cos profesores que impartan o Proxecto Didáctico Interdisciplinar (PDI) para coordinar coas súas programacións as actividades de Educación documental.

SEGUNDO TRIMESTRE

- 3ª edición da Olimpíada Cultural.
- Organizar un calendario de actividades de Educación documental con alumnos de 1º de ESO e 3º de ESO.

TERCEIRO TRIMESTRE

- Presentación, exposición e explicación ao resto do instituto dos traballos realizados nas actividades de Educación documental.
- Analizar resultados coa finalidade de facer as melloras oportunas no curso seguinte.

B.3. PROXECTO LECTOR DE CENTRO. FOMENTO DA LECTURA

Ó LONGO DE TODO O CURSO

- Exposición das novidades a medida que se incorporen ós fondos da BE.
- Elaboración de guías de lectura de diversas materias da CDU.
- Coordinación cos departamentos didácticos para axeitar as guías de lectura ás liñas de actuación de cada departamento no eido do fomento da lectura.
- Establecemento dun novo funcionamento “Tempo de lectura diario” de acordo coas iniciativas de cada departamento que organiza as súas propias actividades (ver anexo).
- Publicación de cadernos ou antoloxías de textos literarios, periodísticos, científicos, etc. que podan servir de material de apoio en aula para o funcionamento do “Tempo de lectura diario”.

PRIMEIRO TRIMESTRE

- Formación dun equipo de alumnos que traballen con suxestións de adquisición de fondos, organización de actividades, publicidade de novidades, elaboración de antoloxías, etc.
- Elaboración dunha guía de lectura cara ás vacacións de Nadal.
- Lectura e interpretación de contos na BE a cargo de profesionais contratados, familiares dos alumnos ou de alumnos dos cursos superiores.

SEGUNDO E TERCEIRO TRIMESTRE

- Exposición sobre historias vivas sacadas de biografías de personaxes célebres que mostren as súas actitudes, recordos, vivencias entorno a diversos ámbitos: a educación, a lectura, as afeccións, a familia, etc.
- Implantación da iniciativa de “A mochila errante” que consistirá na selección dunha serie de materiais da BE (libros, películas, prensa, etc.) que alumnos voluntarios poden levar ás súas casas durante a fin de semana. Con esta iniciativa trátase de achegar os contidos da BE e dar idea das súas posibilidades ó alumnado e ás súas familias.

TERCEIRO TRIMESTRE

- Actividades de motivación lectora como as visitas de escritores ou editores para charlas na BE ou firma de exemplares co fin de achegar a experiencia dos profesionais da Literatura ós alumnos.
- Elaboración dunha guía de lectura para o verán.

B.4.APOIO AO ESTUDO OU OUTRAS ACTIVIDADES DESDE A BIBLIOTECA PARA A COMPENSACIÓN DAS DESIGUALDADES SOCIAIS

- En colaboración cos departamentos, adquisición de alomenos dous exemplares dos libros que se lles pida ler aos alumnos.
- Fomento do uso da BE para toda a comunidade escolar.

B.5.OUTROS

- **DIA DAS BIBLIOTECAS:**
 - En colaboración co departamento de Plástica, comenzaremos o curso cun concurso para deseñar marcapáxinas.
- **HALLOWEEN:** en colaboración co departamento de Inglés.
 - Ambientación da biblioteca e lectura en alto e a escuras de textos breves de terror.
 - Proposta de novelas de terror.
 - Exposición de materiais variados da BE sobre os xéneros literarios do medo, o terror, o gótico, etc.
- **TABOLEIRO DA BIBLIOTECA:** para esta tarefa hase procurar a axuda dos titores para que cada grupo prepare esta actividade unha semana ó curso.
 - A frase do día.
 - A noticia do día.
 - A imaxe do día.

- ZONA DE ALUMNOS:
 - Onde poderán facer recomendacións ou crítica sobre os contados, actividades,... da biblioteca.
- SAN VALENTÍN:
 - Concurso de cartas de amor.
- ANTROIDO:
 - Proposta dun tema común para os disfraces.
 - Concurso de coplas: Cada grupo deberá elaborar unha copla. Haberá premios para os mellores disfraces e para as mellores coplas.
- DÍA DO LIBRO: organizaranse diferentes actividades:
 - 4ª edición do CERTAME de microrrelatos no “Día do libro”. Alumnos de ESO e Bacharelato acudirán á BE para escribir, un microrrelato. Posteriormente sairá do prelo o 4º volume de *Historias minguantes*.
 - Exposición de libros, comics, prensa, cedés, deuvédés, discos de vinilo, etc.
- DÍA DAS LETRAS GALEGAS:
 - Implicación da biblioteca nos actos que xa se veñen organizando tódolos anos, especialmente no “Recital das letras”.

Criterios e procedementos de avaliación

- Cada unha das actividades que se oferten aos alumnos dentro do Proxecto lector será avaliada por eles a través dun breve e sinxelo cuestionario de avaliación.
- Tamén se deixarán cuestionarios de avaliación (diferentes ós que se entreguen ós alumnos) na sala de profesores, para que os que voluntariamente queiran, e anónimamente, os poidan cubrir.
- Para cada un dos equipos de traballo da Biblioteca Escolar se plantexarán obxetivos por trimestres, de acordo có exposto na temporalización deste proxecto. Ó finalizar o trimestre compararánse os traballos realizados cós previstos e se explicarán os motivos das desviacións.
- O taboleiro da Biblioteca Escolar tamén servirá para que a comunidade escolar poida presentar suxestións, críticas,...

Anexo

Actividades de fomento da lectura previstas polos departamentos

DEPARTAMENTO DE FOL
Destinarase cada semana vinte minutos a leer distintas noticias do xornal ou revistas da especialidade co fin de potenciar a capacidade lectora e comprensiva dos alumnos.
DEPARTAMENTO DE INGLÉS
O Departamento de Inglés colaborará co Plan Lector do Centro nos termos acordados nas CCPs. Asemade, propoñemos unha lectura obrigatoria por cada nivel da ESO, que será levada a cabo nas propias horas da materia coa metodoloxía que cada profesor@ considere adecuada (lectura en común, individual, traballos para casa, etc.)
DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA
<p>OBXECTIVOS:</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Integrar as diferentes fontes informativas en soportes variados: dixital, enciclopedias, libros, folletos, prensa diaria, revistas no traballo diario da aula.▪ Tentar consolidar o hábito de lectura como fonte de información e de lecer.▪ Desenvolver na aula un ambiente favorable á lectura. <p>RECURSOS:</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Internet, enciclopedias dixitais, dvds...▪ Biblioteca de aula: enciclopedias, guías, libros científicos, monografías, ensaios...▪ Prensa e revistas▪ Folletos▪ Anuncios▪ Arquivos de revistas e prensa organizados en temas.▪ Exposicións <p>METODOLOXÍA</p> <p>Traballos integrados no currículo de ciencias e na actividade diaria:</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Ler e comentar temas, noticias▪ Buscar información▪ Propoñer temas para ler e comentar relacionados cos temas de clase... <p>Traballos abertos:</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Achegar noticias ou textos para ler e comentar na clase▪ Tempo de lectura libre empregando os recursos da aula▪ Consulta de temas en Internet

Comprensión lectora e escrita:

- Crear o hábito de preguntar os conceptos e palabras que non se comprendan
- Facer preguntas sobre a lectura
- Pedir que expresen verbalmente o que comprenderon despois dunha lectura
- Pedir que escriban a súa opinión sobre diferentes temas
- Buscar información nunha exposición
- Buscar información para elaborar fichas
- Definir un elemento (persoaxe, obxecto, situación, paisaxe, ambiente, proceso...) despois dunha lectura ou consulta.
- Esixir que os traballos que se baixan de Internet sexan reelaborados. No caso desta asignatura pedirilles que os poñan en galego.

Comentar a forma correcta de expresar as palabras en galego e comparar linguaxe científica-culta-vulgar, castelán-galego-outros idiomas...

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

Neste curso 2010/2011 pretendese establecer de forma activa o fomento da lectura tanto dentro como fora do horario escolar.

Dentro do horario escolar se establece un tempo real de lectura de alomenos unha hora mensual que será, en principio, o último día de cada mes. Nestes momentos todo o alumnado deberá ler un libro, pero esta lectura debe enfocarse coma unha aproximación aos libros en calquera momento de lecer, o ler é un pracer.

Fomentárase a lectura de carácter científico e tecnolóxico de revistas e libros especializados de carácter divulgativo ao longo de todo o curso, tratando tanto os temas de actualidade coma os históricos que axuden a comprender o mundo actual onde nos desenvolvemos e relacionamos coa sociedade.

Farase fincapé na participación activa de todo o alumnado nas actividades propostas polos responsables da dinamización da biblioteca e actividades culturais.

Por parte do Departamento xa se fixeron compras de libros divulgativos e científicos que están nos talleres á disposición do alumnado e profesorado tanto para consulta coma para préstamo

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

O Plan anual de lectura e o Proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara a súa formación como cidadáns activos e solidarios. Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos tanto en soporte impreso como electrónico.

Por ser máis operativo nas materias do departamento de Física e Química (en 3º de ESO dúas sesións e en 4º de ESO tres sesións semanais), ao final que cada unidade didáctica levaranse libros de consulta e revistas a aula relativas a unidade tratada, adicarase un tempo (30 minutos ou unha sesión dependendo da unidade) á lectura de algún artigo ou texto relacionado coa mesma, fomentando tamén a busca de noticias relacionadas no xornal ós que eles teñen acceso nos seus domicilios. Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades do alumno ó abordar textos científicos cada vez máis complexos así como a súa actitude cara á aprendizaxe a través dos mesmos.

DEPARTAMENTO DE EDUC FÍSICA

Nosos alumnos de Bacharalato e ESO levan xa catro anos de traballo con textos; fundamentalmente xornais, páxinas web e libros de texto.

Ademáis deben traballar con frecuencia cos fondos documentais que o seminario ten depositados na biblioteca do centro.

Estes medios e os que se atopan na rede Internet convírtense en fontes de información permanentes nos nosos alumnos co fin de conseguir independencia de criterio e soltura non traballo con fontes documentais.

Ó chegar á aula deben explicar ás fontes de información manexadas e a metodoloxía do seu traballo.

Con frecuencia realízanse lecturas colectivas na presentación dos temas do currículo.

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

O alumnado da materia de Educación para a cidadanía e de Educación ético-cívica manexarán certos materiais impresos e audiovisuais, aparte dos materiais curriculares, de forma regular adicando cando menos 15 minutos semanais á súa lectura. Así mesmo, con carácter puntual, realizarán consultas e buscas de uso máis libre.

Para o fomento da lectura, o alumnado manexará dicionarios e enciclopedias, prensa, fragmentos escollidos de autores como Galeano, Brecht, Castelao, Murado.

Os libros propostos como lecturas serán estes:

“O merlo branco” – Cándido Pazó (2º curso).

“Martin Edén”- Jack London (4º curso)

DEPARTAMENTO DE LING. GALEGA

Estes alumnos á parte do libro de lectura obrigatoria en cada unha das avaliacións, adicarán, en cada unha das tres sesións lectivas semanais, entre 10 e 15 minutos a ler de maneira comprensiva e cunha pronunciación axeitada o texto que aparece en cada unha das unidades didácticas. Unha vez rematada a lectura, co obxecto de avaliar a comprensión do texto, os alumnos realizarán as seguintes tarefas:

- a) Exercicios de vocabulario a partir do propio texto. Definirán conceptos presentes na lectura coas súas palabras, seguindo as normas lexicográficas de definición.
- b) Crearán textos propios aplicando o vocabulario aprendido.
- c) Analizarán algúns recursos que determinan que o texto é literario.
- d) Realizarán comentarios dos textos propostos.
- e) Elaborarán esquemas numéricos a partir da información proporcionada na lectura.
- f) Analizarán e expoñerán información achegando argumentos sólidos.
- g) Elaborarán resumos da información que achega a lectura.
- h) Enunciarán o tema e proporán un título.
- i) Recoñecerán a idea principal de cada parágrafo e a idea central do texto.
- j) Farán cadros e diferentes tipos de esquemas.
- k) Relacionarán e establecerán comparacións entre o lido e os seus propios coñecementos.

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

Desde o departamento de Matemáticas procurárase concienciar ós alumnos da importancia da linguaxe escrita como medio de comunicación entre as persoas para calquera disciplina, en particular, nas ciencias e máis concretamente nas Matemáticas. Dentro da clase integráranse accións que favorezan o desenvolvemento e a práctica da lectura, como por exemplo:

-Insistir na lectura comprensiva dos enunciados dos exercicios e problemas propostos, extraendo os datos que son relevantes para a súa resolución e prestando especial atención ó que se pregunta.

-Promover lectura e a escritura correcta empregando a notación e terminoloxía axeitadas, expoñendo de forma clara e ordenada as aclaracións e operacións necesarias para a resolución dos exercicios.

-Aportar textos para ler na clase extraídos de periódicos, libros, artigos de revistas, etc. onde se poña de manifesto a utilidade das matemáticas en situacións da vida real.

-Aportar libros de lectura relacionados coas matemáticas tales como:

a)Frabetti, C.: "Malditas matemáticas", ed. Alfabeta juvenil, Madrid, 2000.

b)Erzensberger, H. M.: "El diablo de los números", ed. Siruela, Madrid, 1997.

c)Collantes Hernández, J.; Pérez Sanz, J. : "Matecuentos. Cuentamates (cuentos con problemas)", Nivola libro y ediciones, Madrid, 2005.

d)Sierra i Fabra, J.: "El asesinato del profesor de matemáticas", ed. Anaya, colección El duende verde, 2004.

e)Teixidor, E.: "El crimen de la hipotenusa", Planeta&Oxford, 2009.

f)Gómez, R.: "Bruno y la casa del espejo", ed. Alfabeta, 2005.

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a LOE sinala, dende o seminario de Música propónse un tempo de lectura en cada clase (entre 3 e 5 minutos por sesión) no que se abordarán textos relacionados coa materia. Para estas lecturas, o departamento posúe unha biblioteca de aula con libros que foi adquirindo nestes últimos anos, ademais dos que se poidan ir incorporando durante o curso ou os que o propio alumnado traia. En 4º ESO, dado que teñen libro de texto asignado, este poderá ser lido tamén no tempo diario adicado a lectura, ben sexan textos directamente relacionados coa actividade desenvolvida nesa sesión ou outros de distintas unidades didácticas.

Con este proxecto preténdese formar lectores competentes e crear e consolidar o hábito de lectura, así como promover o desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores.

DEPARTAMENTO DE LATÍN E GREGO

O departamento segue a comprometerse co fomento da lectura mediante a adquisición de textos amenos, adecuados á idade e ós intereses dos alumnos, de tema clásico, que os nenos poderán utilizar no horario lector ou levar a súa casa. Pola outra banda, traballarase na aula a lectura en voz alta e a comprensión de textos de autores clásicos, ensinándolles así a valorar e respetar as fontes clásicas.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Coa finalidade de acadar os obxectivos sinalados para a ESO, a LOE establece que os centros deberán elaborar proxectos lectores para fomentar a lectura e a escritura.

Falar de lectura e escritura en relación coa nosa materia é falar de dúas destrezas claves na aprendizaxe dunha lingua estranxeira: a comprensión e a expresión escrita. Así pois é evidente que na posta en práctica do proceso de ensinanza-aprendizaxe do francés a lectura vai estar cada día presente na aula.

Para traballar cos alumnos, e sempre de acordo co seu nivel, optaremos por utilizar diferentes “soportes”, tradicionais como a prensa escrita ou os libros e actuais como Internet. Pero tamén tratarase de diversificar os “contidos” (sempre adaptados ao nivel dos alumnos) que lles permitan comprender que a lectura é a mellor maneira de acceder á información, á cultura, ao saber e por suposto á literatura.

Ademais do traballo vinculado directamente á nosa materia, participaremos tamén nas propostas do centro en relación co plan lector

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E Hª

A materia de Xeografía e Historia e Ciencias Sociais, préstase de xeito moi especial á práctica de habilidades de comprensión lectora e escritura. Tódolos manuais de texto veñen orientados á práctica polo alumnado de habilidades de comprensión lectora; a maior parte das actividades que propoñen supoñen a lectura polo alumnado do manual e a resposta dunha serie de preguntas sobre a súa comprensión. Igualmente aportan gran número de textos coetáneos da época estudiada ou actuais así como fotos, esquemas e gráficos cunha serie de actividades dedicadas ó seu análise.

Por todo iso podemos dicir que na nosa materia adicamos un tempo diario mínimo de lectura e de actividades de comprensión lectora. Así e todo, adicaremos 15 minutos seguidos, como mínimo, á semana para facer unha lectura pública de calquera tipo de texto (histórico, actual, ilustrado, novela, ensaio...) que irá seguida dun tempo de reflexión en común.

Tamén se programan de vez en cando actividades de lectura de prensa sobre temas relacionados co programa das materias. Igualmente, e sempre que a disponibilidad da aula de informática o permita ao alumnado se lle propón a recollida de información na rede.

Durante este curso temos previsto traballar con libros de lectura sobre temas históricos: En 1º da ESO cos libros da editorial A nosa Terra: "Os Castros", "A muralla de Lugo". En 2º da ESO, "A catedral de Santiago". En 4º da ESO, "As aventuras do Capitán Alatriste", "Así vivían na Revolución Francesa" e "Breve Historia do Nacionalismo Galego". En 3º da ESO, o máis convinte é traballar coa prensa, tanto semanal como diaria, dada a estreita relación entre os contidos da materia e os temas tratados en ditas publicacións.

PLAN LECTOR
IES FRANCISCO ASOREY
Curso 2010/2011



O Proxecto lector do centro é unha aposta decidida e consensuada polo libro e a lectura como elemento esencial na educación integral dos alumnos.

O Plan Lector do curso 2010/2011 abrangue dúas liñas básicas de actuación:

3. A Biblioteca Escolar Asorey. Nos tres últimos cursos académicos a Biblioteca Asorey (BE) converteuse nun espazo renovado, cunha personalidade definida, nun axente dinamizador de actividade cultural e de fomento da lectura e nun servizo eficaz de préstamo de libros e doutros fondos documentais.
4. Tempo de lectura. Co fin de reformar o funcionamento do “Tempo de lectura diario” que estivo en marcha durante dous cursos, estableceuse un novo sistema no que os departamentos organizan de xeito propio as actividades adicadas á lectura e ó fomento do hábito lector. No anexo do seguinte plan se especifican por departamentos as actuacións propostas.

De acordo con estas liñas se desenvolverá o traballo na mellora do hábito lector e a formación dos lectores no IES FRANCISCO ASOREY.

As tarefas que cómpre desenvolver nos tempos vindeiros teñen que encamiñarse a manter o papel da Biblioteca Escolar (BE) como guía dos xoves lectores e como centro dinamizador da vida cultural do centro. As melloras levadas a cabo no mobiliario e os equipos informáticos, así como a actualización dos fondos documentais, (este ano con especial incidencia pola consecución do PLAMBE para a Biblioteca Escolar Asorey), facilitan o uso da BE como espazo de traballo para incluír a educación documental na formación académica dos alumnos.

Un elemento no que haberá que buscar unha maior eficacia será a coordinación entre os departamentos e a BE na provisión dos fondos, nas necesidades de renovación, no uso dos fondos, nas actividades de dinamización lectora e formación documental e na difusión dos fondos.

Con estes obxectivos e liñas de actuación, búscase asentar os logros dos cursos anteriores, profundizar no hábito lector, mellorar os procedementos de suxestións lectoras e incluír a formación documental dos alumnos no proxecto lector.

OBXECTIVOS XERAIS

No curso 2010–2011 o Proxecto Lector do centro debe asentar as actuacións postas en marcha no curso anterior e amplialas.

As accións que se porán en marcha, artellaranse sobre dous obxectivos xerais:

- Continuar na tarefa do fomento da lectura entre o alumnado e na mellora da súa comprensión lectora.
- Profundizar no papel activo da Biblioteca Escolar, que xa conta cunha identidade e protagonismo na vida do centro, como elemento dinamizador nas actividades extraescolares e complementarias e no fomento do hábito lector.
- Reiterar o uso da Biblioteca Escolar como lugar de traballo na formación documental dos alumnos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

7. Mellorar a coordinación cos departamentos didácticos no eido do fomento da lectura e nas estratexias de comprensión lectora.
8. Ampliar a documentación sobre suxestións lectoras que faciliten ós alumnos o coñecemento e selección de libros.
9. Profundizar no papel das novas tecnoloxías na difusión dos fondos da Biblioteca Escolar.
10. Traballar na mellora da educación documental dos alumnos.
11. Fomentar o uso da Biblioteca Escolar como espacio de traballo investigador e formativo.
12. Mellorar a xestión do préstamo, servizos e fondos da Biblioteca Escolar.

ACCIÓNS

Para acadar estes obxectivos realizaranse varias accións:

8. Elaboración de estratexias para utilizar en cada departamento didáctico no eido do fomento da lectura.
9. Creación de listas de novidades da Biblioteca Escolar.
10. Incorporación de suxestións de alumnos no blogue da Biblioteca Escolar así como nas adquisicións de fondos.
11. Incorporación de novos equipos informáticos na Biblioteca Escolar para facilitar o traballo documental e a consulta dos fondos.
12. Organización de actividades orientadas á lectura e ó mundo dos libros.
13. Propostas de axilización no préstamo dos fondos da Biblioteca Escolar.
14. Fomento da autonomía dos alumnos na selección das súas lecturas e no uso da Biblioteca Escolar.

ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PROXECTO LECTOR E DA BIBLIOTECA ESCOLAR

A organización da Biblioteca Escolar contará coa seguintes membros:

5. Un coordinador (Fernando Tomé Rodríguez do departamento de Lingua Castelá e Literatura): un profesor que coordinará as actividades de todos os membros e as diferentes actividades de dinamización da BE e do Proxecto lector. A persoa
6. Un equipo de xestión técnica e organización: constará de tres profesores:
 - Contamos cunha profesora (Atala Paredes Cereijo do departamento de Economía) formada nun curso de MEIGA que será a que se encargue do proceso de rexistro, catalogación e préstamo. O seu principal obxectivo será tentar de completar a CDU dos fondos. Esta mesma persoa encargárase da elaboración e mantemento do blogue da Biblioteca Escolar.
 - Tres profesores máis (Ana Blanco Castiñeira, Gloria Escudero Álvarez e Alberto Nogueira Varela) con formación específica no uso do MEIGA colaborarán no proceso de rexistro, catalogación e préstamo.
7. Tres profesores máis atenderán as gardas de biblioteca que se estimen necesarias para acadar os obxectivos. Estes profesores, ademais dos citados anteriormente, cubrirán unha franxa horaria ininterrompida dende as 8:45 ata as 14:25 e axudarán no desenvolvemento do proxecto. Procurárase que se trate de persoas implicadas, que crean na biblioteca e que estén dispostas a colaborar.
8. Cada grupo de alumnos do centro poderá colaborar a través do seu titor coa realización dunha tarefa semanal de dinamización. Traballarase no deseño dun mecanismo que permita alternar un turno de colaboración de tódolos grupos.

TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

A) XESTIÓN TÉCNICA E ORGANIZACIÓN DA BE

Ó LONGO DE TODO O CURSO

- Continuación coa catalogación adaptada á CDU dos novos fondos e dos antigos.
- Adquisición de novos fondos nas seccións de Literatura Xuvenil en galego e castelán, en Banda Deseñada, en libros divulgativos (arte, ciencia, etc.) en colaboración cos departamentos, en diferentes soportes.
- Adquisición de un equipo informático de maior capacidade para atender ás necesidades do traballo dos membros do equipo da BE: catalogación, préstamo, elaboración e mantemento do blogue, proxectos, actividades, investigación, documentación, etc.
- Melloras no mobiliario:
 - Incorporación de catro novos sillóns para ampliar a oito o número dos postos de lectura.
 - Incorporación de doce taburetes para a mesa de ordenadores de alumnos.
 - Incorporación de tres sillas con rodas na mesa de control da Biblioteca Escolar.
 - Substitución das estanterías pechadas actuais por unhas estanterías abertas de maior altura e capacidade.
- Elaboración e mantemento do blogue da biblioteca.

PRIMEIRO TRIMESTRE

- Incorporación dos alumnos novos de 1º de ESO ó carné da BE, así como ós alumnos procedentes doutros centros e ós alumnos dos ciclos formativos de Electrónica e Administrativo que aínda non foron incorporados como usuarios da BE.

SEGUNDO E TERCER TRIMESTRES

- Melloras paulatinas no aspecto da BE: iluminación, alfombras, obxectos, fotografías, láminas, etc.
- Incorporación dun expositor axeitado para as mostras de novidades ou as exposicións dos fondos.
- Proxecto de traslado a un espazo novo, de maior tamaño e mellor insonorización e climatización.

B) DINAMIZACIÓN DA BE

B.1. FORMACIÓN DE USUARIOS

PRIMEIRO TRIMESTRE

- Actividades de formación de usuarios cos alumnos novos de 1º de ESO, os alumnos procedentes doutros centros e os alumnos dos ciclos formativos de

Electrónica e Administrativo que aínda non foron totalmente incorporados como usuarios da BE.

- Visitas guiadas por grupos para informar ós alumnos sobre as novidades no uso e os fondos da BE.

SEGUNDO E TERCER TRIMESTRES

- “Xogos de búsqueda dos fondos” Trátase dunha actividade na que o alumnado deberá buscar un libro ou película mediante pistas dispersas noutros libros da BE. Se plantexará para todos os niveis educativos do centro, en colaboración cos profesores titores. O obxectivo é manter o coñecemento dos alumnos máis novos coa organización da BE.

B.2. EDUCACIÓN PARA O ACCESO Á INFORMACIÓN (EDUCACIÓN DOCUMENTAL)

Ó LONGO DE TODO O CURSO

- Establecemento de actividades de Educación documental con alumnos de 1º de ESO e 3º de ESO.

PRIMEIRO TRIMESTRE

- Colaboración cos profesores que impartan o Proxecto Didáctico Interdisciplinar (PDI) para coordinar coas súas programacións as actividades de Educación documental.

SEGUNDO TRIMESTRE

- 3ª edición da Olimpíada Cultural.
- Organizar un calendario de actividades de Educación documental con alumnos de 1º de ESO e 3º de ESO.

TERCEIRO TRIMESTRE

- Presentación, exposición e explicación ao resto do instituto dos traballos realizados nas actividades de Educación documental.
- Analizar resultados coa finalidade de facer as melloras oportunas no curso seguinte.

B.3. PROXECTO LECTOR DE CENTRO. FOMENTO DA LECTURA

Ó LONGO DE TODO O CURSO

- Exposición das novidades a medida que se incorporen ós fondos da BE.
- Elaboración de guías de lectura de diversas materias da CDU.
- Coordinación cos departamentos didácticos para axeitar as guías de lectura ás liñas de actuación de cada departamento no eido do fomento da lectura.
- Establecemento dun novo funcionamento “Tempo de lectura diario” de acordo coas iniciativas de cada departamento que organiza as súas propias actividades (ver anexo).
- Publicación de cadernos ou antoloxías de textos literarios, periodísticos, científicos, etc. que podan servir de material de apoio en aula para o funcionamento do “Tempo de lectura diario”.

PRIMEIRO TRIMESTRE

- Formación dun equipo de alumnos que traballen con suxestións de adquisición de fondos, organización de actividades, publicidade de novidades, elaboración de antoloxías, etc.
- Elaboración dunha guía de lectura cara ás vacacións de Nadal.
- Lectura e interpretación de contos na BE a cargo de profesionais contratados, familiares dos alumnos ou de alumnos dos cursos superiores.

SEGUNDO E TERCEIRO TRIMESTRE

- Exposición sobre historias vivas sacadas de biografías de personaxes célebres que mostren as súas actitudes, recordos, vivencias entorno a diversos ámbitos: a educación, a lectura, as afeccións, a familia, etc.
- Implantación da iniciativa de “A mochila errante” que consistirá na selección dunha serie de materiais da BE (libros, películas, prensa, etc.) que alumnos voluntarios poden levar ás súas casas durante a fin de semana. Con esta iniciativa trátase de achegar os contidos da BE e dar idea das súas posibilidades ó alumnado e ás súas familias.

TERCEIRO TRIMESTRE

- Actividades de motivación lectora como as visitas de escritores ou editores para charlas na BE ou firma de exemplares co fin de achegar a experiencia dos profesionais da Literatura ós alumnos.
- Elaboración dunha guía de lectura para o verán.

B.4.APOIO AO ESTUDO OU OUTRAS ACTIVIDADES DESDE A BIBLIOTECA PARA A COMPENSACIÓN DAS DESIGUALDADES SOCIAIS

- En colaboración cos departamentos, adquisición de alomenos dous exemplares dos libros que se lles pida ler aos alumnos.
- Fomento do uso da BE para toda a comunidade escolar.

B.5.OUTROS

- **DIA DAS BIBLIOTECAS:**
 - En colaboración co departamento de Plástica, comenzaremos o curso cun concurso para deseñar marcapáxinas.
- **HALLOWEEN:** en colaboración co departamento de Inglés.
 - Ambientación da biblioteca e lectura en alto e a escuras de textos breves de terror.
 - Proposta de novelas de terror.
 - Exposición de materiais variados da BE sobre os xéneros literarios do medo, o terror, o gótico, etc.
- **TABOLEIRO DA BIBLIOTECA:** para esta tarefa hase procurar a axuda dos titores para que cada grupo prepare esta actividade unha semana ó curso.
 - A frase do día.
 - A noticia do día.
 - A imaxe do día.

- ZONA DE ALUMNOS:
 - Onde poderán facer recomendacións ou crítica sobre os contados, actividades,... da biblioteca.
- SAN VALENTÍN:
 - Concurso de cartas de amor.
- ANTROIDO:
 - Proposta dun tema común para os disfraces.
 - Concurso de coplas: Cada grupo deberá elaborar unha copla. Haberá premios para os mellores disfraces e para as mellores coplas.
- DÍA DO LIBRO: organizaranse diferentes actividades:
 - 4ª edición do CERTAME de microrrelatos no “Día do libro”. Alumnos de ESO e Bacharelato acudirán á BE para escribir, un microrrelato. Posteriormente sairá do prelo o 4º volume de *Historias minguantes*.
 - Exposición de libros, comics, prensa, cedés, deucedés, discos de vinilo, etc.
- DÍA DAS LETRAS GALEGAS:
 - Implicación da biblioteca nos actos que xa se veñen organizando tódolos anos, especialmente no “Recital das letras”.

Criterios e procedementos de avaliación

- Cada unha das actividades que se oferten aos alumnos dentro do Proxecto lector será avaliada por eles a través dun breve e sinxelo cuestionario de avaliación.
- Tamén se deixarán cuestionarios de avaliación (diferentes ós que se entreguen ós alumnos) na sala de profesores, para que os que voluntariamente queiran, e anónimamente, os poidan cubrir.
- Para cada un dos equipos de traballo da Biblioteca Escolar se plantexarán obxetivos por trimestres, de acordo có exposto na temporalización deste proxecto. Ó finalizar o trimestre compararánse os traballos realizados cós previstos e se explicarán os motivos das desviacións.
- O taboleiro da Biblioteca Escolar tamén servirá para que a comunidade escolar poida presentar suxestións, críticas,...

Anexo

Actividades de fomento da lectura previstas polos departamentos

DEPARTAMENTO DE FOL
Destinarase cada semana vinte minutos a leer distintas noticias do xornal ou revistas da especialidade co fin de potenciar a capacidade lectora e comprensiva dos alumnos.
DEPARTAMENTO DE INGLÉS
O Departamento de Inglés colaborará co Plan Lector do Centro nos termos acordados nas CCPs. Asemade, propoñemos unha lectura obrigatoria por cada nivel da ESO, que será levada a cabo nas propias horas da materia coa metodoloxía que cada profesor@ considere adecuada (lectura en común, individual, traballos para casa, etc.)
DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA
<p>OBXECTIVOS:</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Integrar as diferentes fontes informativas en soportes variados: dixital, enciclopedias, libros, folletos, prensa diaria, revistas no traballo diario da aula.▪ Tentar consolidar o hábito de lectura como fonte de información e de lecer.▪ Desenvolver na aula un ambiente favorable á lectura. <p>RECURSOS:</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Internet, enciclopedias dixitais, dvds...▪ Biblioteca de aula: enciclopedias, guías, libros científicos, monografías, ensaios...▪ Prensa e revistas▪ Folletos▪ Anuncios▪ Arquivos de revistas e prensa organizados en temas.▪ Exposicións <p>METODOLOXÍA</p> <p>Traballos integrados no currículo de ciencias e na actividade diaria:</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Ler e comentar temas, noticias▪ Buscar información▪ Propoñer temas para ler e comentar relacionados cos temas de clase... <p>Traballos abertos:</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Achegar noticias ou textos para ler e comentar na clase▪ Tempo de lectura libre empregando os recursos da aula▪ Consulta de temas en Internet

Comprensión lectora e escrita:

- Crear o hábito de preguntar os conceptos e palabras que non se comprendan
- Facer preguntas sobre a lectura
- Pedir que expresen verbalmente o que comprenderon despois dunha lectura
- Pedir que escriban a súa opinión sobre diferentes temas
- Buscar información nunha exposición
- Buscar información para elaborar fichas
- Definir un elemento (persoaxe, obxecto, situación, paisaxe, ambiente, proceso...) despois dunha lectura ou consulta.
- Esixir que os traballos que se baixan de Internet sexan reelaborados. No caso desta asignatura pedirilles que os poñan en galego.

Comentar a forma correcta de expresar as palabras en galego e comparar linguaxe científica-culta-vulgar, castelán-galego-outros idiomas...

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

Neste curso 2010/2011 pretendese establecer de forma activa o fomento da lectura tanto dentro como fora do horario escolar.

Dentro do horario escolar se establece un tempo real de lectura de alomenos unha hora mensual que será, en principio, o último día de cada mes. Nestes momentos todo o alumnado deberá ler un libro, pero esta lectura debe enfocarse coma unha aproximación aos libros en calquera momento de lecer, o ler é un pracer.

Fomentárase a lectura de carácter científico e tecnolóxico de revistas e libros especializados de carácter divulgativo ao longo de todo o curso, tratando tanto os temas de actualidade coma os históricos que axuden a comprender o mundo actual onde nos desenvolvemos e relacionamos coa sociedade.

Farase fincapé na participación activa de todo o alumnado nas actividades propostas polos responsables da dinamización da biblioteca e actividades culturais.

Por parte do Departamento xa se fixeron compras de libros divulgativos e científicos que están nos talleres á disposición do alumnado e profesorado tanto para consulta coma para préstamo

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

O Plan anual de lectura e o Proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara a súa formación como cidadáns activos e solidarios. Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos tanto en soporte impreso como electrónico.

Por ser máis operativo nas materias do departamento de Física e Química (en 3º de ESO dúas sesións e en 4º de ESO tres sesións semanais), ao final que cada unidade didáctica levaranse libros de consulta e revistas a aula relativas a unidade tratada, adicarase un tempo (30 minutos ou unha sesión dependendo da unidade) á lectura de algún artigo ou texto relacionado coa mesma, fomentando tamén a busca de noticias relacionadas no xornal ós que eles teñen acceso nos seus domicilios. Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades do alumno ó abordar textos científicos cada vez máis complexos así como a súa actitude cara á aprendizaxe a través dos mesmos.

DEPARTAMENTO DE EDUC FÍSICA

Nosos alumnos de Bacharalato e ESO levan xa catro anos de traballo con textos; fundamentalmente xornais, páxinas web e libros de texto.

Ademáis deben traballar con frecuencia cos fondos documentais que o seminario ten depositados na biblioteca do centro.

Estes medios e os que se atopan na rede Internet convírtense en fontes de información permanentes nos nosos alumnos co fin de conseguir independencia de criterio e soltura non traballo con fontes documentais.

Ó chegar á aula deben explicar ás fontes de información manexadas e a metodoloxía do seu traballo.

Con frecuencia realízanse lecturas colectivas na presentación dos temas do currículo.

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

O alumnado da materia de Educación para a cidadanía e de Educación ético-cívica manexarán certos materiais impresos e audiovisuais, aparte dos materiais curriculares, de forma regular adicando cando menos 15 minutos semanais á súa lectura. Así mesmo, con carácter puntual, realizarán consultas e buscas de uso máis libre.

Para o fomento da lectura, o alumnado manexará dicionarios e enciclopedias, prensa, fragmentos escollidos de autores como Galeano, Brecht, Castelao, Murado.

Os libros propostos como lecturas serán estes:

“O merlo branco” – Cándido Pazó (2º curso).

“Martin Edén”- Jack London (4º curso)

DEPARTAMENTO DE LING. GALEGA

Estes alumnos á parte do libro de lectura obrigatoria en cada unha das avaliacións, adicarán, en cada unha das tres sesións lectivas semanais, entre 10 e 15 minutos a ler de maneira comprensiva e cunha pronunciación axeitada o texto que aparece en cada unha das unidades didácticas. Unha vez rematada a lectura, co obxecto de avaliar a comprensión do texto, os alumnos realizarán as seguintes tarefas:

- l) Exercicios de vocabulario a partir do propio texto. Definirán conceptos presentes na lectura coas súas palabras, seguindo as normas lexicográficas de definición.
- m) Crearán textos propios aplicando o vocabulario aprendido.
- n) Analizarán algúns recursos que determinan que o texto é literario.
- o) Realizarán comentarios dos textos propostos.
- p) Elaborarán esquemas numéricos a partir da información proporcionada na lectura.
- q) Analizarán e expoñerán información achegando argumentos sólidos.
- r) Elaborarán resumos da información que achega a lectura.
- s) Enunciarán o tema e proporán un título.
- t) Recoñecerán a idea principal de cada parágrafo e a idea central do texto.
- u) Farán cadros e diferentes tipos de esquemas.
- v) Relacionarán e establecerán comparacións entre o lido e os seus propios coñecementos.

DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

Desde o departamento de Matemáticas procurárase concienciar ós alumnos da importancia da linguaxe escrita como medio de comunicación entre as persoas para calquera disciplina, en particular, nas ciencias e máis concretamente nas Matemáticas. Dentro da clase integráranse accións que favorezan o desenvolvemento e a práctica da lectura, como por exemplo:

-Insistir na lectura comprensiva dos enunciados dos exercicios e problemas propostos, extraendo os datos que son relevantes para a súa resolución e prestando especial atención ó que se pregunta.

-Promover lectura e a escritura correcta empregando a notación e terminoloxía axeitadas, expoñendo de forma clara e ordenada as aclaracións e operacións necesarias para a resolución dos exercicios.

-Aportar textos para ler na clase extraídos de periódicos, libros, artigos de revistas, etc. onde se poña de manifesto a utilidade das matemáticas en situacións da vida real.

-Aportar libros de lectura relacionados coas matemáticas tales como:

- a) Frabetti, C.: "Malditas matemáticas", ed. Alfaguara juvenil, Madrid, 2000.
- b) Erzensberger, H. M.: "El diablo de los números", ed. Siruela, Madrid, 1997.
- c) Collantes Hernández, J.; Pérez Sanz, J. : "Matecuentos. Cuentamates (cuentos con problemas)", Nivola libro y ediciones, Madrid, 2005.
- d) Sierra i Fabra, J.: "El asesinato del profesor de matemáticas", ed. Anaya, colección El duende verde, 2004.
- e) Teixidor, E.: "El crimen de la hipotenusa", Planeta&Oxford, 2009.
- f) Gómez, R.: "Bruno y la casa del espejo", ed. Alfaguara, 2005.

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a LOE sinala, dende o seminario de Música propónse un tempo de lectura en cada clase (entre 3 e 5 minutos por sesión) no que se abordarán textos relacionados coa materia. Para estas lecturas, o departamento posúe unha biblioteca de aula con libros que foi adquirindo nestes últimos anos, ademais dos que se poidan ir incorporando durante o curso ou os que o propio alumnado traia. En 4º ESO, dado que teñen libro de texto asignado, este poderá ser lido tamén no tempo diario adicado a lectura, ben sexan textos directamente relacionados coa actividade desenvolvida nesa sesión ou outros de distintas unidades didácticas.

Con este proxecto preténdese formar lectores competentes e crear e consolidar o hábito de lectura, así como promover o desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores.

DEPARTAMENTO DE LATÍN E GREGO

O departamento segue a comprometerse co fomento da lectura mediante a adquisición de textos amenos, adecuados á idade e ós intereses dos alumnos, de tema clásico, que os nenos poderán utilizar no horario lector ou levar a súa casa. Pola outra banda, traballarase na aula a lectura en voz alta e a comprensión de textos de autores clásicos, ensinándolles así a valorar e respetar as fontes clásicas.

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

Coa finalidade de acadar os obxectivos sinalados para a ESO, a LOE establece que os centros deberán elaborar proxectos lectores para fomentar a lectura e a escritura.

Falar de lectura e escritura en relación coa nosa materia é falar de dúas destrezas claves na aprendizaxe dunha lingua estranxeira: a comprensión e a expresión escrita. Así pois é evidente que na posta en práctica do proceso de ensinanza-aprendizaxe do francés a lectura vai estar cada día presente na aula.

Para traballar cos alumnos, e sempre de acordo co seu nivel, optaremos por utilizar diferentes “soportes”, tradicionais como a prensa escrita ou os libros e actuais como Internet. Pero tamén tratarase de diversificar os “contidos” (sempre adaptados ao nivel dos alumnos) que lles permitan comprender que a lectura é a mellor maneira de acceder á información, á cultura, ao saber e por suposto á literatura.

Ademais do traballo vinculado directamente á nosa materia, participaremos tamén nas propostas do centro en relación co plan lector

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E Hª

A materia de Xeografía e Historia e Ciencias Sociais, préstase de xeito moi especial á práctica de habilidades de comprensión lectora e escritura. Tódolos manuais de texto veñen orientados á práctica polo alumnado de habilidades de comprensión lectora; a maior parte das actividades que propoñen supoñen a lectura polo alumnado do manual e a resposta dunha serie de preguntas sobre a súa comprensión. Igualmente aportan gran número de textos coetáneos da época estudada ou actuais así como fotos, esquemas e gráficos cunha serie de actividades dedicadas ó seu análise.

Por todo iso podemos dicir que na nosa materia adicamos un tempo diario mínimo de lectura e de actividades de comprensión lectora. Así e todo, adicaremos 15 minutos seguidos, como mínimo, á semana para facer unha lectura pública de calquera tipo de texto (histórico, actual, ilustrado, novela, ensaio...) que irá seguida dun tempo de reflexión en común.

Tamén se programan de vez en cando actividades de lectura de prensa sobre temas relacionados co programa das materias. Igualmente, e sempre que a disponibilidad da aula de informática o permita ao alumnado se lle propón a recollida de información na rede.

Durante este curso temos previsto traballar con libros de lectura sobre temas históricos: En 1º da ESO cos libros da editorial A nosa Terra: "Os Castros", "A muralla de Lugo". En 2º da ESO, "A catedral de Santiago". En 4º da ESO, "As aventuras do Capitán Alatriste", "Así vivían na Revolución Francesa" e "Breve Historia do Nacionalismo Galego". En 3º da ESO, o máis convinte é traballar coa prensa, tanto semanal como diaria, dada a estreita relación entre os contidos da materia e os temas tratados en ditas publicacións.